



## Encontro sobre Trauma e EMDR. Fisioloxía cerebral, apego e enfoque transdiagnóstico”

### DOCENTES

Cristina Cortés Viniegra (N-00939) e Benedikt L. Amann.

### ORGANIZA

Grupo de Traballo EMDR e Trauma da Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial e Psicoloxía de Galicia.

### COORDINA

M<sup>a</sup> Jesús Taboada Costas (G-2447).

### DURACIÓN

2 horas e 30 minutos.

### DATA E HORARIO

Mércores, 17 de abril de 2024.  
De 16:00 a 18:30 horas.

### MODALIDADE

En liña. Plataforma Moodle do COPG e ZOOM.

### PRAZAS

100.

### PREZO

Gratuíto.



## Encontro sobre Trauma e EMDR. Fisioloxía cerebral, apego e enfoque transdiagnóstico”

### PROGRAMA

- Presentación do formato: Encontros sobre Trauma e EMDR.
- “Correlatos fisiolóxicos do trauma no cerebro”. Ania Justo.
- “Unha metaanálise de paraugas sobre o impacto do trauma infantil á saúde mental das persoas adultas”. Benedikt L. Amann.
- “A boa crianza, que facer para non xerar trauma no desenvolvemento cedo”. Cristina Cortés Viniegra.

### OBXECTIVOS

Divulgar a importancia que ten o trauma na orixe e tratamento dos trastornos mentais.

### METODOLOXÍA

Visualización de vídeos e mesa redonda.

### DOCENTES

#### **Cristina Cortés Viniegra (N-00393).**

Psicóloga terapeuta infante xuvenil especializada en psicotraumatoloxía e desenvolvemento neurofuncional e sensoriomotriz. Adestradora de EMRD en nenos/as e adolescentes.

Membro do Comité Europeo de EMDR en nenos/as e adolescentes. Cofundadora e directora da sección infantil do Centro de Psicoloxía e Saúde e biofeedback Vitaliza. Membro da International Society for Neuroal Regulation (ISNR).

Conta con ampla experiencia docente. Imparte formación sobre trastornos de apego e como afecta o trauma ó desenvolvemento evolutivo, tanto en organismos públicos como privados. Participou en diversos congresos, tanto nacionais como internacionais.

Participa e participou en varios másteres como profesora externa, como no máster de Psicoterapia de Trauma e EMDR da UNED. Colabora na formación para profesionais do máster de Psicoloxía Sanitaria da Universidade de Navarra e o máster de Saúde Perinatal do Instituto europeo de saúde perinatal e no curso de avances en saúde mental reprodutiva e perinatal, impartido por MARES e a Universidade de Zaragoza.

Publicou artigos sobre o desenvolvemento infantil e o apego e o libro “Mírame, siénteme. Estrategias para la reparación del apego en niños mediante EMDR”, o libro ilustrado “¿Cómo puedo salir de aquí?”, guía infantil e familiar para explicar EMDR. Publicou tamén o conto “El invernadero semillero”, abordando a complexidade da fecundación asistida e como transmitirlo aos seus protagonistas”.



## Encontro sobre Trauma e EMDR. Fisioloxía cerebral, apego e enfoque transdiagnóstico”

### **Benedikt L. Amann.**

É coordinador de dúas Unidades de Psiquiatría do Centro Fórum del Pacr de Salut Mar, director da unidade de Recerca do Centro Fórum IMIN e profesor asociado da Universitat Pompeu Fabra en Barcelona.

O seu foco a nivel clínico e de investigación é a prevalencia e o tratamento con EMDR do trauma psicolóxico en pacientes con trastorno mental grave.

Publicou máis de 125 publicacións indexadas en Pubmed e participa de forma regular en congresos nacionais e internacionais no ámbito de psiquiatría e psicoloxía.

É gañador do Francine Shapiro Award do 2015 e el e o seu equipo recibiron este ano o premio co seu nome de parte de EMDR España pola súa investigación con EMDR no ámbito de saúde mental.

### **INSCRICIÓN**

A través do correo electrónico do COPG ([copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal)) remitindo o boletín de inscrición ou a través da Sede Electrónica do COPG. Respetarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O encontro terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia os psicólogos e psicólogas membros da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

**Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarase por e-mail a admisión ou non admisión.**

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

**Último día de inscrición: 12 de abril de 2024.**